


# ACCIÓNES FORMATIVAS para Cooperativas, Entidades de Economía Social e Proxectos Emprendedores

Prazas Limitadas!

Deseña e pon en marcha a tua empresa, tratando os aspectos fundamentais para mellorar as probabilidades de éxito!



CONSTRÚE O TEU MODELO DE NEGOCIO CON LEGO


CREA O TEU PLAN DE EMPRESA

ACCEDE A TITORÍAS INDIVIDUAIS

Datas: do 12 ao 15 de Setembro  
Horario : de 16 a 20 horas.

Datas: 19 e 26 de setembro e 3 e 10 de outubro de 2022  
Horario :de 16 a 20 horas.

Inscríbete a unha ou varias accións!  
<https://forms.gle/egvLyCdMhPZVr5Us9>



## FINALIDADE

O obxectivo principal deste programa é axudar á persoa emprendedora a **concretar** os puntos clave para levar a cabo a súa **idea de negocio** satisfactoriamente, fomentando a creación dunha **estratexia clara** para deseñar o **produto** e para chegar ao **cliente obxectivo**.

Tódalas sesións están orientadas a incrementar a **creatividade** aplicada ás ideas de negocio das diferentes cooperativas e entidades de economía social.

## DESTINATARIOS

Cooperativas e sociedades laborais, e persoas emprendedoras que aposten pola fórmula cooperativa e economía social.

Límite de prazas: 10 persoas

Instalacións adaptadas ás medidas de hixiene establecidas.

## DATAS E HORARIOS

Impartirase do 12 de setembro ao 15 de setembro de 2022 en horario de 16 a 20 horas.

O curso realizarase nas instalacións da Fundación Cel Iniciativas por Lugo sitas no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Información: 982 284 150, [proyectos@fundacioncel.org](mailto:proyectos@fundacioncel.org)



Inscripcións:

<https://forms.gle/egvLyCdMhPZvrsUs9>



**CONSTRÚE O TEU  
MODELO DE NEGOCIO  
CON LEGO**

**¡¡INSCRÍBETE!!**  
**Curso gratuito con  
prazas limitadas**



## DESCRIPCIÓN DOS CONTIDOS

Este programa de 16 horas está composto por diferentes módulos coa finalidade de axudar a conceptualizar e definir as ideas de negocio das cooperativas participantes, a través dunha metodoloxía innovadora: LEGO® Serious Play®.

As accións desenvolveranse ao longo de 4 sesións cunha duración de 4 horas,. Os contidos son os seguintes:

### MÓDULO 1. CONSTRUÍNDO A TÚA PROPOSTA DE VALOR (4 horas)

Establecer cal é o valor diferencial da idea de negocio; como a cooperativa, produto ou servizo resolve o problema ou necesidade do cliente, e que beneficios debe esperar o cliente do servizo.

### MÓDULO 2. CONSTRUÍNDO O TEU CLIENTE TIPO. O MODELO DE EMPATÍA (4 horas)

Identificar as características que permitirán realizar un mellor axuste entre os produtos ou servizos que se ofrecen e as necesidades e intereses dos potenciais clientes.

### MÓDULO 3. CONSTRUÍNDO O TEU PRODUTO E O CAMIÑO CARA O TEU CLIENTE (4 horas)

Definir exactamente cal é o produto ou servizo que se vai ofrecer ao mercado, e deseñar unha estratexia de venta para chegar ao cliente obxectivo.

### MÓDULO 4. CONSTRUÍNDO A TÚA COOPERATIVA (4 horas)

Determinar que recursos e capacidades se van necesitar para emprender a idea de negocio, e como se poden conseguir e/ou desenvolver.

## MEDIOS PREVISTOS

LEGO® Serious Play® é unha metodoloxía que fomenta a **reflexión, construción e creación** de metáforas que se convirten en espazos de análise, debate e convivencia de persoas, ideas e proxectos. Por medio de **preguntas clave**, os/as participantes van profundizando en temas dunha maneira que nunca antes fixeran ata acadar **solucións** e respostas altamente **creativas, disruptivas e inspiradoras** para a toma de accións reais.

Con LEGO® Serious Play® facilítase a **comunicación interpersoal** a través dunha ferramenta que **despersonaliza** a mensaxe, así como a **comunicación intrapersoal**. Cóntanse historias sobre as construcións, visibilízase o que non vemos, e incluso o que non conseguimos poñer en palabras.

Garántese que o 100% dos participantes de cada obradoiro participe na mesma medida. **Tod@s constrúen, tod@s contan historias.**

## FINALIDADE

Neste curso abordaranse os conceptos básicos para elaborar o **plan de empresa** dunha **cooperativa** ou entidade de economía social dende a idea de negocio, ata a proposta de valor, o plan de marketing, a organización e xestión de persoas e o plan económico-financeiro.

Permitirá ás persoas promotoras **deseñar** de xeito ordeado a **creación da súa empresa**, tratando os temas fundamentais para mellorar as probabilidades de **éxito**.

## DESTINATARIOS

Cooperativas e sociedades laborais, e persoas emprendedoras que aposten pola fórmula cooperativa e economía social.

Límite de prazas: 10 persoas

Instalacións adaptadas ás medidas de hixiene establecidas.

## DATAS E HORARIOS

Impartirase os días 19 e 26 de setembro e o 3 e 10 de outubro de 2022 en horario de 16 a 20 horas.

O curso realizarase nas instalacións da Fundación Cel Iniciativas por Lugo sitas no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Información: 982 284 150, [proyectos@fundacioncel.org](mailto:proyectos@fundacioncel.org)

Inscripcións: <https://forms.gle/egvLyCdMhPZVr5Us9>

**CREA O TEU PLAN DE  
EMPRESA**

**¡¡INSCRÍBETE!!**

**Curso gratuito con  
prazas limitadas**

# DESCRIPCIÓN DOS CONTIDOS

Este programa de **16 horas** está composto por diferentes módulos coa finalidade de axudar a conceptualizar e definir as ideas de negocio das cooperativas participantes.

As accións formativas desenvolveranse ao longo de **4 sesións**, cunha duración de 4 horas. Os **contidos** contemplados serán os seguintes:

## MÓDULO 1. O PLAN DE EMPRESA (4 horas)

Entender a estrutura dun plan de empresa, os contidos máis relevantes e a súa presentación.

## MÓDULO 2. O PLAN DE MARKETING (4 horas)

Coñecer e aprender como aplicar conceptos básicos do marketing que permitan xerar unha estratexia de comunicación e comercialización exitosa.

## MÓDULO 3. A ORGANIZACIÓN E AS PERSOAS (4 horas)

Aprender novos conceptos relacionados coa xestión das persoas na empresa, aportando ferramentas de utilidade para un liderado efectivo e unha organizaicón interna adaptada aos obxectivos da cooperativa.

## MÓDULO 4. O PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO (4 horas)

Descubrir como dimensionar e analizar a viabilidade do proxecto cooperativo, facilitando a comprensión dos conceptos contables e financeiros máis importantes dos apartados do plan financeiro, aprendendo, asimesmo, a cumplimentalo.

## MEDIOS PREVISTOS

Cada un dos módulos abordaranse de xeito sinxelo e comprensible, á vez que riguroso. A metodoloxía empregada misturará a **teoría** coa **posta en práctica** dos conceptos. Traballarase coas ideas de todos/as participantes á hora de usar exemplos e exercicios prácticos.

Ademáis, a reflexión en equipo permitirá aos/ás participantes obter **ideas e perspectivas diferentes** doutros compañeiros/as, o cal fortalecerá a capacidade de cada participante para **xestionar** os seus propios negocios.

Un dos aspectos aos que lle da moita importancia é á xeración dun **clima axeitado** no grupo para fomentar unha aprendizaxe máis efectiva, no que poida xurdir o coñecemento individual e a **intelixencia colectiva**, que tanto favorece a unha aprendizaxe significativa e ao avance real do grupo.

O obxectivo desta metodoloxía é conseguir a **aplicación inmediata** dos contidos, logrando acadar un impacto positivo e substancial no día a día da cooperativa.